

IV MILLA URBANA “PORTAS DE COMPOSTELA”

A Federación Galega de Atletismo e o Clube Atletismo Santiago organizan, co patrocinio do **Concello de Santiago de Compostela**, a **IV Milla Urbana “Portas de Compostela”** que terá lugar o domingo 29 de setembro do 2024, a partir de las 10:00 horas da mañá, na Praza de Galicia de Santiago de Compostela.

Esta proba está dentro do calendario da Real Federación Española de Atletismo.

As probas rexeranse polo seguinte:

REGLAMENTO

1. PARTICIPANTES

Poderán participar atletas federados e non federados. A clasificación será conxunta. As probas **ÉLITE feminina e masculina** realizaranse por criterios de selección da propia organización da proba, a cal por nivel atlético, decidirá quen compite nas mesmas.

2. CATEGORÍAS DAS PROBAS

| CATEGORIA | ANOS | SEXO |
|----------------------|--|-------|
| SUB 8 | 2017 e posteriores | H / M |
| SUB 10 | 2015-2016 | H / M |
| SUB 12 | 2013-2014 | H / M |
| SUB 14 | 2011-2012 | H / M |
| SUB 16 | 2009-2010 | H / M |
| SUB 18 | 2007-2008 | H / M |
| SUB 20/23/SEN | De 2006 ata máster | H / M |
| MASTER 1 | De 35 a 44 anos cumpridos o día da proba | H / M |
| MASTER 2 | De 45 a 54 anos cumpridos o día da proba | H / M |
| MÁSTER 3 | De 55 anos en adiante | H / M |

3. INSCRICIÓN, PRAZO e PREZO

Realizaranse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com e ate o mércores 25 de setembro ás 23.59 horas.

PREZOS

- MILLA ADULTOS
- ESCOLARES ata sub 18 incluído

3,00 €

GRATUÍTA

4. HORARIOS (poderá modificarse o horario das probas a criterio do xuíz árbitro da competición)

| HORA | DISTANCIA | PROBA |
|---------|---|--|
| 10:00 h | 1 km | Categoría sub 10 masculino (2015-2016) |
| 10:10 h | 1 km | Categoría sub 10 feminino (2015-2016) |
| 10:20 h | 1 km | Categoría sub 12 masculino (2013-2014) |
| 10:30 h | 1 km | Categoría sub 12 feminino (2013-2014) |
| 10:40 h | 1 km | Categoría sub 14 masculino (2011-2012) |
| 10:50 h | 1 km | Categoría sub 14 feminino (2011-2012) |
| 11:00 h | 1 km | Categoría sub 16 masculino (2009-2010) |
| 11:10 h | 1 km | Categoría sub 16 feminino (2009-2010) |
| 11:20 h | 1 km | Categoría sub 18 masculino (2007-2008) |
| 11:30 h | 1 km | Categoría sub 18 feminino (2007-2008) |
| 11:40 h | ENTREGA DE PREMIOS CATEGORÍAS ESCOLARES 1 KM EN RUTA | |
| 12:00 h | 1,609 km | Milla Popular Máster I e II Masculina (De 35 a 54 anos) |
| 12:15 h | 1,609 km | Milla Popular Máster I e II Feminina (De 35 a 54 anos) |
| 12:30 h | 1,609 km | Milla Popular Absoluta Masculina (De 2006 a máster) |
| 12:45 h | 1,609 km | Milla Popular Absoluta Feminina (De 2006 a máster) |
| 13:00 h | 1,609 km | Milla Popular Máster III Feminina e Masculina (55 anos e sup.) |
| 13:15 h | 350 m | Categoría Sub 8 (2017 e posteriores) |
| 13:30 h | 1,609 km | Milla ÉLITE masculina |
| 13:50 h | 1,609 km | Milla ÉLITE feminina |
| 14:15 h | ENTREGA DE PREMIOS RESTO DE CATEGORIAS | |

5. PREMIOS

- Trofeos aos 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no presente regulamento.
- Medallas a todos/as os/as participantes da categoría sub 8. Nesta categoría non haberá clasificación nin premiación.

6. DUCHAS e VESTIARIOS

Indicarase nos días anteriores á proba.

7. ENTREGA DE DORSAIS

Realizarase no lugar de saída das probas (Praza de Galicia) ate 30' antes do inicio de cada proba en cuestión. O lugar estará debidamente sinalizado.

8. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS

Todo o non recollido no presente regulamento rexirase polo regulamento en vigor da FGA, RFEA e WA, por esta orde, para probas en ruta.

9. **NOTA:** Coa inscrición na proba enténdense aceptadas todas as normas e demais consideracións reflectidas no presente regulamento.

LOPD: Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

Máis información na web atletismo.gal .